

No marco dun programa do Plan Coordinador de Servizos Sociais da entidade supramunicipal

MÉDICOS DO MUNDO ATENDEU A PRETO DE 400 MULLERES EN SITUACIÓN DE PROSTITUCIÓN NO TERRITORIO DO CONSORCIO AS MARIÑAS

1 de decembro de 2009. O Consorcio As Mariñas presentou hoxe, Día Mundial contra a SIDA e no marco da campaña “16 días de activismo contra a violencia”, o informe **“Intervención sociosanitaria con mulleres en situación de prostitución”**, realizado por Médicos do Mundo, coa colaboración da Secretaría Xeral de Emigración, e que se desenvolveu ao longo do 2009 nos concellos da área metropolitana co obxectivo de acadar que as mulleres se integrasen na rede pública de recursos sociosanitarios.

Á presentación do informe, que tivo lugar en Abegondo, contou coa presenza de José M^a Freire, coordinador do Programa da Unidade Móbil de Médicos do Mundo; Gema Blanco, socióloga de Médicos do Mundo; José Antonio Santiso Miramontes, alcalde de Abegondo; Abel López Soto, presidente da Comisión de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas; Domingo Bayo, director do Plan Coordinador de Servizos Sociais; e Laura Calvo Quintela, concelleira de Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Abegondo.

O informe, froito dun traballo de campo realizado por Médicos do Mundo, estuda o fenómeno da prostitución no territorio de As Mariñas reflectindo a situación das mulleres prostituídas. A actuación de Médicos do Mundo realizouse en sete clubs (tres máis que o ano pasado) e incluíu: orientación e atención de tipo psicolóxica, sanitaria, social; así como a impartición de obradoiros individuais e grupais. Ademais, repartíronse materiais de carácter preventivo como preservativos, masculinos e femininos, lubricante e folletos informativos.

Os sete clubs que puideron ser estudados, situados nos municipios de Arteixo, Sada e Bergondo, presentan unhas particularidades distintas en termos de idade e procedencia das mulleres, se ben o informe salienta a existencia de dous perfís maioritarios: muller brasileira de entre 25 e 34 de idade ou o dunha muller romanese de entre 18 e 24. Así mesmo, aínda que segue a ser unha porcentaxe mínima, no 2009 duplicouse tamén a presenza de mulleres españolas, seguramente debido á crise económica que estamos atravesando. En total, atendéronse 382 mulleres en situación de prostitución.

No referente ás intervencións, o maior número de deuse no apartado social do programa (664), seguidas dos 403 obradoiros realizados (sumando os individuais e os grupais). Ademais, entregáronse 8.249 preservativos masculinos e 4.223 sobres de lubricante. Con relación ao preservativo feminino, é importante salientar a progresiva aceptación que os preservativos femininos van tendo entre as mulleres en situación de prostitución. No 2009 foron repartidos un total de 1.180 unidades.

Tipo de atencións prestadas

Psicolóxica	3
Sanitaria	104
Social	664
Obradoiros grupais	108
Obradoiros individuais	295

Idades e procedencia

PAÍSES	18-24 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55-64 anos	%
España	1	1	3		2	1,83
A Coruña			1			0,26
León	1					0,26
Ns/Nc		1	2		2	1,3
Europa do Leste	79	38	8			32,72
Romanía	78	36	8			31,93
Rusia		1				0,26
Rep. Moldavia	1	1				0,42
Latinoamérica	43	127	47	3	1	57,85
Brasil	34	88	18	1	1	37,17
Colombia	4	18	16	1		10,2
Paraguai		1				0,26
Ecuador		1				0,26
Venezuela	1	2	2			1,04
Arxentina		2	1			0,78
República Dominicana	3	13	9	1		6,8
Uruguai	1	2	1			1,04
África Subsahariana	10	17	1			7,32
Nixeria	10	15	1			6,8
Ghana		1				0,26
Cabo Verde		1				0,26
Norte de África			1			0,26
Marrocos			1			0,26
% Total	22,85	47,9	15,7	0,78	0,78	100,0